

Todas as constelacións do mundo

Discurso pronunciado por
Leticia Costas
o día 4 de xuño de 2016 na illa de San Simón
con motivo da celebración do ditame
dos XXXIII Premios Xerais

© Leticia Costas, 2016

© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2016
Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.gal
www.xerais.gal

Depósito legal: VG 263-2016

Para a Xeración Lamote, que abriu o camiño á esperanza



Desde o cuarto deste hotel ruinoso de Bos Aires, talvez metáfora da decadencia que se respira fóra, teño un privilexiado plano cenital da avenida 9 de xullo. Coa airexa fresca desta mañá outonal invadindo a estancia, observo o mundo con certa melancolía. Velaí está a imponente fachada do Teatro Colón. Tamén o emblemático obelisco, rodeado de manifestantes que preparan os actos do 1 de maio. No medio da arquitectura que se eleva a un lado e outro da rúa, un caos de vehículos multiplícase nunha competición agresiva con normas tácitas e imposibles de comprender para min. Son o fertilizante das estradas porteñas, alimentan a besta que respira baixo a caixa torácica da cidade. Desde hai varios días, unha frase latexa no meu cerebro. Golpea sen tregua, muda de orde, fai equilibrios, e as arestas das súas letras máncanme de xeito silencioso. Como a couza que ataca os mobles de madeira ata devorarlles as entrañas, deixando tan só unha carcasa fráxil e inconsistente: *Galicia é unha máscara triste que ten detrás un rostro que ri*. Nunca unha definición do país foi tan demoledora. Cando lin ese titular de Manuel Rivas publicado no xornal *La Nación*, aquí, en Bos Aires, sentín unha picadela aguda que me fixo saltar. Foi

coma se un verme pequeno fixera un burato no meu ventre e se me metese dentro contra a miña vontade. *Galicia é unha máscara triste que ten detrás un rostro que ri.* Se durante uns segundos aguanto a respiración e me centro nesa imaxe imaxino a máscara coma unha acumulación de escamas grises de aspecto moribundo, que levan anos e anos medrando unhas sobre as outras ata crear unha capa compacta e fósil. *Galicia é un fósil que detrás ten un rostro que ri.*

Se boto a vista atrás, cousa que fago con certa frecuencia, recoñezo o moito que lle debe a miña xeración ás xeracións anteriores. Ser escolarizada en galego foi determinante para min, unha nena educada integramente en castelán. Aquelas obras que caeron nas miñas mans a principios dos anos noventa abriron unha porta branca por onde empezaron a desfilarse en ringleira os personaxes dos libros que me volveron poliédrica. E coa forza das cousas máis auténticas fun inverno, bágoa, agulla. Fun animal, océano, nordés e abismo. Fun unha criatura coas ás pintadas de estrelas e o corazón aberto en tantos anacos como historias me cativaron. Nese incendio de palabras que se propagaba sen remedio, asoman a cabeza as coleccións Merlín, Xabarín e Fóra de Xogo. Non era só que todos aqueles libros en galego me achegasen momentos únicos, é que me fixeron entrar no centro exacto da emoción. A emoción da lectura. Velái a maxia. Acababa de atopar o mapa de todas as constelacións no mundo. *Ledi, vas empachar con tantas letras!*, dicíanme na casa. *As letras engordan, pero por dentro. Por fóra non se nota.* E seguí devorando libros, abrigándome nesas historias que derrubaron as miñas propias fronteiras. A lectura converteuse en fogar, refuxio e espazo íntimo.

Ser unha nena burbulla é xenial cando estás dentro da pompa. Aquí dentro nunca teño frío. Malia que ninguén o sabe, existe unha barreira que me protexe da xeada. Fantasía é a miña segunda casa. Non lembro a primeira vez que entrei. Teño tan só un vago recordo. Era un poema que viña nun libro de texto da escola. Falaba dunha

escaleira e da lúa. Que segura estaba de que para chegar a aquel satélite branco e misterioso só había que mercar unha escaleira o bastante alta. Soñaba con subir e subir ata pousar os pés alí, tan arriba, e volverme lunática para sempre. Cando leo, síntome coma un habitante desas bólas de cristal que hai nos escaparates das tendas de xoguetes nas que mamá non pode mercarme nada. Eu sei que ela quere, pero non pode. Non somos pobres, pero case. Aínda que me dea vergonza. Isto nunca o diría diante das miñas amigas de clase. Por iso me conformo con ver as bólas de cristal desde o outro lado dos escaparates e xogo a imaxinar que vivo dentro dunha delas. Se moves esa, esa que está aí cunha casiña pequena co tellado vermello, empeza a nevar. Veña, corre! Atrévete a axitala para que as folerpas de neve empecen a dispararse coma tolas en todas as direccións. Si, así! Iso é! Se agora pecho os ollos todo é branco e azul e recende a inverno ou a mar. Xa non me importa que mamá non poida mercarme a bóla. Estou dentro dela. Cousas da imaxinación, que voa libre cando a alimentas.

A casualidade é unha figura que sempre me pareceu fascinante. Entendo a vida coma unha sucesión de coincidencias fantásticas. Algunhas poden explicarse só recorrendo ao azar. Eu nacín no mesmo ano en que se fundou Edicións Xerais, en 1979. A miña irmá naceu no ano en que se estreou o Premio Merlín, en 1986. E ambas as dúas medramos vencelladas á produción desta editorial de xeito definitivo. Non esaxero se digo que Edicións Xerais marcou o rumbo do meu oficio. Chámome Leticia Costas e grazas ao traballo e a loita das xeracións que me preceden, son escritora en lingua galega. Conmóveme tomar conciencia disto. Se hai algo do que me sinto orgullosa é da entrega á lingua galega que nos caracteriza a todas e todos nós, que nos fai formar parte dun proxecto común. Recoñezo que me sinto especialmente vencellada á Xeración Lamote. Os seus textos foron determinantes para a formación daquela lectora que demandaba obras das que enchouparse ata a medula.

Agora sucede que hai unha nova xeración abríndose paso, a Xeración da Esperanza, que ten interiorizado un proxecto literario de país. Sabemos ben das renuncias que implica escribir na nosa lingua, pero cando cres en algo con tanta forza, as dificultades pasan a ser un elemento secundario. Se *Galicia é unha máscara triste que ten detrás un rostro que ri*, se esa é a imaxe que proxecta no espello, nós temos a obriga de romper esa bostela fósil e ferila de morte. De abrir unha fisura para que a luz se filtre por fin nun dioivo que arrastre todo o gris; ese estigma tan pesado.

Cada vez que saio fóra de Galicia e observo o que se fai noutras latitudes volvo máis convencida de que a nosa literatura é unha literatura que habería que lucir e promocionar con orgullo. Isto faime reflexionar sobre o tóxica que pode chegar a ser a autocrítica feroz que nos caracteriza e o laio que tantas persoas escollen como opción natural. Asumo que somos unha cultura de resistencia e defendo que o noso nivel de autoesixencia debe ser elevado, mais nunca destrutivo. Porque iso vai creando máis e máis capas de escamas grises. Máis materia fósil que anula a marabilla que nos habita. Hai argumentos que sinto como anacrónicos e contraditorios. Que se o noso sistema literario é insignificante, que se os académicos se exceden de académicos, que se os novos escribimos moito e mal, que se as editoriais só pensan en facer caixa, que se a literatura infantil e xuvenil non é literatura, que se en Galicia non pode existir o best-séller, que se o que importa é chegar ao público, pero aquí non se vende e disto non se pode vivir porque, en definitiva, vivimos de costas ao mundo, a ninguén lle importamos e non valemos para nada. *Galicia é un fósil que detrás ten un rostro que quere rir pero non lle deixan*. Non lles vai gustar escoitar isto: nós, en gran medida, alimentamos o fósil. E iso é para min algo imperdoable. Contra o ostracismo, toda a luz que cabe nun corazón de raza, contra a falacia da decadencia histórica, toda a creatividade que nos

empuxa a sobrevivir. E a forza de brillar, por puro sentido da física máis elemental, habemos romper a máscara. Temos que rompela.

Recordo a emoción vivida no ano 2011, cando a Agustín Fernández Paz lle foi concedido o Premio Iberoamericano de Literatura Infantil e Xuvenil. Un galego recollendo o galardón máis importante de Iberoamérica. Quen nolo ía dicir! Lembro tamén todas as veces que foi candidato ao prestixioso Hans Christian Andersen e ao Astrid Lindgren, ao que tamén optou a queridísima Fina Casalderrey en máis dunha ocasión. Os premios Nobel da LIX. Ás veces teño a sensación de que non somos conscientes do alto que voa a nosa literatura. Nesta última edición da Feira Internacional do Libro de Bos Aires tiven a ocasión de presenciar como recibiu o público porteño a Manuel Rivas. Abraíoume descubrir o respecto e a estima que esperta este autor na Arxentina. Pero hai máis, por suposto que hai máis. María Xosé Queizán, referente e pioneira do feminismo no Estado español, galega universal, escribe na nosa lingua e nós temos a oportunidade de seguir aprendendo dela, rir con ela, formarnos con ela. A colección Xerais Peto, á que cheguei arredor dos 20 anos, permitíume ler en galego textos de Tununa Mercado ou Agota Kristof. Canto lle agradezo a esas obras e ás súas tradutoras a oportunidade que me brindaron de ver o mundo cuns ollos distintos. Ensináronme que cuestionarme a sociedade na que vivo é un acto revolucionario e imprescindíbel para poder medrar. Para non enquistarme no sistema establecido. Daquela descubrí que existía un grupo compacto de mulleres que crían no feminismo como única vía para que a nosa sociedade avanzase. Os esforzo por facerse escoitar desde o outro lado da trincheira foi ímprobo. Por desgraza, moitos nomes non son tan visibles como deberan. Mais o meu optimismo natural obrígame a facer unha lectura en positivo. Ese traballo de mulleres como a propia María Xosé, Marga R. Marcuño, Manuela Pena, Mónica

Bar e tantas outras, serviu e serve, estou convencida disto, para que a presenza actual das mulleres no sistema literario galego siga gañando forza e consistencia ano a ano. Ao fío disto vénme á cabeza unha frase de Cesáreo Sánchez: «O máis valioso que podo ensinarlle aos meus é todo o que desaprendín. As mulleres acertades sempre, malia que vos equivoquedes. Porque vós sodes as que estades chamadas a encabezar o cambio desta sociedade.»

O acto de entrega dos Premios Xerais é un acontecemento que agardo cada ano con ilusión, desde hai ben de tempo. Para min é a festa do libro galego por excelencia. Non existe outra igual. Sempre que subo ao barco, no peirao de San Adrián de Cobres, repito o mesmo rito. Observo o mar e digo para min: *Oxalá estea a marea baixa. Quero ver os buzos de Verne outra vez, buscando tesouros sepultados na area. E durante a travesía, que os arroaces tracen o noso rumbo co seu lombo azul devorando as ondas. Que persigan o noso ronsel mentres navegamos cara a illa e convertan esta viaxe nun momento verdadeiramente máxico.* Edición tras edición, estes premios sorpréndennos con rostros que constatan que o futuro da literatura galega está garantido. A Xeración da Esperanza, que non deixa de medrar máis e máis, como medra o océano cando non atopa diques na súa traxectoria. E malia cubrir os buzos por completo, ten a habilidade de deixar á vista a esencia mesma diso que tanto nos conmove. A palabra. A nosa palabra. Que nunca, xamais, nos arrebatan a voz.

Agora que o sol lle gañou a partida á néboa e a luz entra con liberdade pola fiestra deste cuarto perdido no caos de Bos Aires, vexo as partículas de po voando sen concerto e penso: ás veces hai que bailar sen respectar os pasos. Abandonarse ao instinto *ata conseguir sentirnos completamente libres, poderosas e lunáticas.* Os manifestantes porteños tomaron o obelisco pola estratexia da alegría. Cantan, baten palmas con entusiasmo e tocan tambores. Que sinxelo semella todo desde aquí arriba. Talvez simplemente se trate diso. De non complicar as cousas máis do que

xa son en esencia. De darnos unha oportunidade a nós mesmos, a nós mesmas. Á fin e ao cabo, temos o dereito a sentirnos parte de algo grande. Quizais mañá, cando colla o avión que me leve de regreso á miña terra, consiga desfacirme desa frase fermosa e ferinte. Reducila a faíscas e gardala nunha urna prateada para sempre. Eu non quero que Galicia sexa unha máscara triste. Eu opto pola luz, pola lingua e pola forza dun país que me fai sentir importante.

Todas as constelacións do mundo
de Leticia Costas
imprimiuse o día 18 de maio,
cando se cumpren 100 anos da fundación na Coruña
da primeira das Irmandades dos Amigos da Fala.